

Venres, 10 de decembro 1999
20:30 horas
Concatedral de San Xiao
r/ Igrexa, s/n
FERROL

Organiza:




Colabora:



 **OBRA SOCIAL
CAIXAGALICIA**

www.caixagalicia.es

Concerto



**Banda
Sinfónica
Municipal de
Ribadeo**

 **OBRA SOCIAL
CAIXAGALICIA**

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

Director: HERNÁN NAVAL

A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** ven de remata-la súa séptima temporada de concertos. O 25 de xaneiro de 1992 ofreceu o seu primeiro concerto público, diante de case mil persoas. Dos corenta xóvenes compoñentes iniciais ten pasado a conformar un viveiro de Banda Sinfónica de arredor de oitenta músicos amateurs. A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** está promovida pola Asociación *Amadores da Música* en colaboración permanente co Excmo. Concello de Ribadeo.

Nestes poucos anos de vida, a **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** ten ofrecido importantes concertos: Teatro Colón (A Coruña), Praza da Quintana (Santiago de Compostela), Praza Maior e Auditorio da Vaguada (Madrid), Praça Real e Parque de Provençals (Barcelona), Beniján (Murcia), Loures, Lisboa e Tomar (Portugal), Teatro Campoamor (Oviedo), Círculo das Artes de Lugo, Auditorio *Isabel de Farnesio* de Aranzueza (Madrid), etc. Ten realizado gravacións para a Radio e Televisión de Galicia e máis para a Televisión Española.

A **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** difunde ó comezo de cada ano unha programación estable dos seus concertos en Ribadeo. Neles ten incluído programas monográficos (música de cine, música relixiosa, etc.), e outros, como o de Nadal ("Aquí como en Viena"), forman xa parte dos eventos culturais tradicionais de Ribadeo. Tamén, o Festival de Bandas que organiza no mes de agosto e que este último verán acadou a súa quinta edición estase a converter nun importante referente cultural.

Este mes fará dous anos que a Banda ribadense presentou o seu primeiro CD. O disco, que ten colleitado un grande éxito de vendas e de crítica, inclúe o *Andante Spianato e Grande Polonesa en Mi bemol Maior*, de Chopín, acompañando a Banda ó prestixioso pianista cubano Antonio Queija Uz, na transcripción para Banda que das partes orquestrais da obra realizou Hernán Naval, Director da **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo**. O CD, como o programa da súa presentación en Ferrol hoxe, é testemuña do que ven sendo o heterodoxo facer na **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** na súa curta pero intensa traxectoria pública: música sinfónica, música contemporánea (bandas sonoras, nova música para Banda...), etc., sempre dende presupostos formativos, tanto para o público como para a propia Banda, rachando cos atavismos das dianas e alboradas como único horizonte das Bandas populares. A próxima primavera, a **Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo** realizará as sesións de gravación de dous novos discos compactos: un de célebres fragmentos de bandas sonoras cinematográficas e outro de música galega (Gaos, Baudot, Paulino Pereiro, Guridi...).

PROGRAMA

1

- | | |
|--|------------------|
| Marcha
- da Jazz Suite n.º 2 - | D. Shostakovitch |
| Spartanburg
- Obertura - | Barry E. Kopetz |
| O Camiño Real | Alfred Reed |

2

- | | |
|--|--|
| Os Miserables | C.-M. Schonberg
- Arr.: Warren Barker - |
| Carmen
- Suite da ópera -
I. Allegro giocoso
II. Habanera
III. Allegro vivo <i>attacca</i>
IV. Allegro moderato <i>attacca</i>
V. Allegro giocoso | G. Bizet |
| Danza húngara n.º 5 | J. Brahms |